

Marica Campo

As palabras impuras

A dor, dixo, está nas palabras. Abrirémolas unha a unha coma quen escacha noces e tiraremos delas as cousas que mancan. O núcleo da noz ten adherencias das que non somos conscientes. O meu labor consiste en facelas visíbeis para que as poda afrontar dun xeito consciente. Observo unha serie de significantes que son unha constante na súa obra. O psicanalista, neste seu caso, ten xa moitos indicios para iniciar o proceso. Mais tamén unha dificultade engadida: os elementos culturais terán maior presenza seguramente que noutros pacientes menos intelectualizados. Estes cobren a realidade cunha capa, digamos que piadosa coa natureza espida dos nomes. Buscar os nomes, velaí o obxectivo. Saber os nomes que lle dá vostede á morte e á incompletude. Porque diso se trata. Esas son as dúas pulsións que nos moven. A da morte semella petar con máis urxencia da normal na súa porta, ese é o problema; mais teña paciencia que a habemos esconxurar. Será un proceso lento. Hai moito exceso na súa vida que devén fantasma na mente, un imaxinario que non a libera desa pulsión destrutora. Limparemos dalgún xeito o seu imaxinario, puiremos as súas arestas, recuperaremos a inocencia das palabras. Iso é a psicanálise, unha cura das palabras. Na creación, na estética, no desexo escoitado, está a salvación e, aínda que a morte seguirá aí, contará vostede co dique que minore os embates das súas ondas.

Non buscas, pensas, un crítico literario. Querías un psicanalista, lacaniano para máis datos. Non entendes por que nesta primeira sesión pon boca arriba as cartas coas que vai xogar. Amólate que coñeza a túa obra e que queira iniciar o camiño a partir dela. A literatura é un outro lugar. Ti non sempre es unha escritora confesional. Mais a dúbida abre unha fenda pola que se filtra o pensamento de que o teu oficio de escribir é unha misa negra na que ti es a vítima propiciatoria ofrecida a un deus cruel. Estás, talvez, a construír desde a túa derrota. Mais, é a escritora a súa obra? É a escritora a persoa da escritora? Onde acaba unha e comeza a outra? É unha metáfora de ti canto escribes? Podes liberarte do teu universo simbólico e crear outro do que estea ausente a propia experiencia? Podes, verdadeiramente, distanciarte? Buscar os nomes é tamén o teu obxectivo, pero non é a mesma a túa procura. El pretende achar as palabras coas que nomeaches a morte e a incompletude, segundo che explicou. Ti decátaste de que non hai xeito de dicilo todo. Sabes que non hai nomes, pero segues a buscalos. É esa a ferida?

No futuro, anuncia, hei de falar moito menos. O papel do psicanalista é escoitar atentamente. Escoitarei a súa anguria, o seu pracer, atoparei a súa pantasma. A pantasma, como vostede saberá, pretende ocultar un síntoma. Daquela si que intervirei para guiala até os seus límites. Alí agárdaa o inconsciente para lle entregar un saber, un saber do corpo, consciente, que teremos ripado das gadoupas da sombra. Eu serei unha simple testemuña do encontro que lle permitirá tomar as rédeas da propia vida.

Quereríaslle dicir que a ti non te preocupa ningunha pantasma, que simplemente estás triste e tés moita anguria e ansiedade. Poderíaslle explicar de novo, como cando lle manifestaches o propósito de te psicanalizares, que queres deixar a fluoxetina sen retornar aos síntomas. Mais non dis nada. Sabes que non volverás. Alporízate a retórica solemne das súas explicacións, mais non é por iso polo que desbotas a idea de furgar no inconsciente. É o que dixo de curar as palabras, de escachalas como noces. Intúes, se cadra erroneamente, que te converterías nun conglomerado de vocábulos espídos, de badaladas sen eco. Coidas que, como un bo dicionario, só rexistrarías a denotación dos termos.

Tras despedirte sen solicitares nova cita, camiñas cara ningures tentando avaliar as que serían dimensións da perda. Dis “meiga”, “trasno”, “estadea” e albiskas unha longa ringleira de avoas a lle pór un nome aos medos, a túa estirpe, coma ti, a procurar palabras; millenta vidas volven á incerteza das cousas. Pronuncias “casamento” e regresan dotes, conveniencias, frustracións, Ana Ozores, Madame Bovary, Antón Chejov, patriarcado, mulleres-moeda na mercadoría do corpo. Rezas “casa” e todo o pasado te habita na primeira, onde as bágoas e as risas sabían a chocolate e bicos. Logo medra e todas as casas son a casa, outra que nunca existiu. Fóra vai frío e dentro remoes, coma un pan que non ten cabo, soidade e distancia, canseira e cicatrices. Pensas “pai” e crecen árbores froiteiras e a catalpa que é el, alí, xunto da igrexa, a salmodiar gregoriano cos bieitos de outrora. Saloucas “nai” e a terra é colo, niño descomunal, peito sen

fin. Si, ela, tan velliña e tan feble, tan precisada de ti e dos teus brazos. Probas a dicir “amor” e escacha a noz como unha granada portadora de morte. A propia morte, a do amor. Velo, carrexador do seu sartego, xudeu errante polos vieiros do mundo. É unha alma en pena a mendigar unha esmola de si para tornarse novo.

A dor está nas palabras, concordadas; mais a vida tamén. A vida que se expande, que se multiplica en significados, que tende ao infinito. A ferida que se abre, que sangra e crea o mar, a metáfora, o verbo, o big-bang, os límites, o regreso.